

Varios

★ **Horario de profesorado.**

A Lei 4/2019, publicada no BOE do 8 de marzo, indica como recomendación que o profesorado de secundaria imparta un máximo de 18 horas lectivas e o de mestres en infantil, primaria e EE 23. A situación da que partiamos en Galiza era, como se sabe, de 18 e 21 respectivamente. A Xunta negouse nestes últimos anos, e especialmente no final do curso pasado no marco das negociacións retributivas a que recuperemos ese dereito. Agora é o momento de que rectifique e respecte ao profesorado como se merece. Solicitamos a recuperación da nosa carga lectiva.

A Consellaría escúdase en que no texto figura expresamente que “a Administración Xeral do Estado establecerá un marco de financiamento adecuado”, o que foi a trampa introducida polo grupo parlamentario do PP para evitar afrontar o que é unha demanda xeralizada do profesorado.

★ **Departamentos de Igualdade.**

Demandamos redución horaria e financiamento para os departamentos de igualdade dos centros. Entendemos que a Consellaría debe apoiar claramente todas as iniciativas que se están a dar e estendelas a todos os centros. **Non se pronuncia.**

★ **Permisos sen soldo.**

En varias Xefaturas están bloqueando as solicitudes de permisos sen soldo para persoal interino coa escusa de que se solicitaron con moita antelación e non poden saber se van ter problemas para cubrir as prazas. Para a CIG-Ensino isto non ten razón de ser e demandamos que se dea resposta positiva inmediatamente. **A Consellaría confirma que se van conceder con carácter xeral e que acaban de pedirlle ás XT as listaxes presentadas para tramitalas. Tamén están revisando todas as listas para calcular cales poden ser as necesidades e poder abrir listas canto antes naquelas especialidades nas que prevexan que poden esgotarse se hai moitas solicitudes de permisos sen soldo.**

★ **Exención do pagamento de taxas para o persoal docente como alumando de EOI.**

Para certificar nas EOI que somos profesorado en activo temos que pagar as taxas cando debería chegar cunha certificación da dirección do centro. **A Consellaría entende que temos razón na nosa queixa mais queda en consultar o tema coa Dirección Xeral de Tributos.**

★ **Convocatoria de prazas de atención preferente.**

Queremos saber se vai haber convocatoria neste curso. Desde a CIG solicitamos que se convoque sempre que existan prazas. Non somos partidarios deste modelo senón dunha maior dotación de PT e AL en todos os centros mais a Consellaría debe traballar coa suficiente antelación para detectar as necesidades do alumnado con NEAE nos centros. **Entenden que iso é responsabilidade das Xefaturas e que aos servizos centrais non lles chegaron propostas.**

★ **Profesorado en expectativa exenta de participar no CADP.**

Na relación de docentes obrigados a participar na petición de destinos provisionais figuran identificadas varias persoas que estiveron exentas de participar por teren destino para o 2018-19. Solicitamos que se identifiquen os motivos (asesorías, etc...). Temos información de que nalgún caso estamos diante de prazas bloqueadas por petición dalgunha empresa na que se imparte a FP dual. A obtención destas prazas debe ser pola vía ordinaria dos destinos provisionais. Solicitamos transparencia e que se publiquen os motivos polos que non teñen que concursar. **Despois de alegar que, supostamente, os motivos serían xustificadas, rematan escusando que a lei de protección de datos pon todo máis difícil, algo que non se sostén baixo ningún punto de vista.**